



PROGRAMA
**URBAN
FERROL**

Canido



A Magdalena



Ferrol Vello



Una maneira
de hacer **Europa** !



Unha maneira
de facer **Europa** !



Concello de Ferrol



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desarrollo Regional

**XORNADA DE
PRESENTACIÓN**

29 de xuño
18.00-20.00h **entrada libre**

Auditorio da Fundación Caixa Galicia

→ Real, 194 · 15402 Ferrol

→ PRESENTACIÓN DE XORNADA

O "Proxecto para a rexeneración urbana dos barrios históricos de orixe da cidade marítima de Ferrol" promovido polo Concello de Ferrol, e aprobado por unanimidade pola Corporación Municipal, é xa unha realidade coa inclusión deste proxecto dentro da Iniciativa Urbana (URBAN), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) para o período de programación de fondos comunitarios 2007-2013.

O obxectivo da Iniciativa Comunitaria Urbana é a rexeneración social e económica das cidades e dos barrios co fin de promover un desenvolvemento urbano sostible a través de modelos innovadores.

As actuacións do URBAN FERROL están cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e os seus fondos destínanse a facilitar a integración física, funcional, social e económica dos barrios de Ferrol Vello, Canido e A Magdalena; mellorar a empregabilidade da poboación feminina e da mocidade; apoiar a rexeneración do tecido económico e fomentar a iniciativa empresarial e comercial; incrementar o nivel de servizos á poboación co fin de mellorar as súas condicións de vida e atraer nova poboación que rexenere demograficamente estes barrios; desenvolver accións de mellora ambiental, de promoción da mobilidade sostible, de eficiencia enerxética, de mellora de infraestruturas, de fomento da rehabilitación e de utilización de tecnoloxías innovadoras.

Con esta Xornada de Presentación avánzase na comunicación do Programa URBAN FERROL á cidadanía, aos axentes sociais, ás asociacións e entidade cidadás, ás institucións e aos medios de comunicación, dando a coñecer as actuacións previstas na cidade e os beneficios que nela redundarán, así como as experiencias doutros Programas similares desenvolvidos con grande éxito noutras cidades.

→ OBXECTIVOS

- Difundir os proxectos e as accións derivadas da posta en marcha do PROGRAMA URBAN FERROL.
- Transmitir á cidadanía e, nomeadamente, á poboación das zonas de actuación, o impacto e as posibilidades de desenvolvemento económico, social e mediambiental nos barrios históricos de Ferrol Vello, Canido e A Magdalena, obxecto das accións previstas no Programa.
- Facilitar o coñecemento de experiencias semellantes desenvolvidas ao abeiro do Programa Urban noutros espazos.

→ PROGRAMA 18.00 - 20.00h

18.00 - 18.15 h

Presentación da xornada a cargo de **Ramón Veloso**, Concelleiro Coordinador Delegado da Área de Facenda e Patrimonio, Promoción Económica, Emprego e Turismo do Concello de Ferrol.

18.15 - 18.35 h

Juan Francisco Jerez

Ex-responsable de programas sociais de Cruz Vermella Navarra, Xerontólogo Social

A participación cidadá no Programa Urban Pamplona

18.40 - 19.00 h

Blanca Cañal

Directora do Urban Lugo, Ex-directora do Urban Xixón

Os programas integrados de desenvolvemento urbano. O caso Xixón

19.00 - 19.15 h

Silvia Nieto

Directora do Urban Ferrol

Presentación do Programa Urban Ferrol

19.15 - 19.45 h

Coloquio dos relatores e participantes

19.45 h

Clausura da Xornada a cargo de **Vicente Irisarri**, Alcalde de Ferrol

